

Stekkjastaur



Os Yule Lads (os chicos dos troncos) son 13, e viven nas montañas de Islandia cos seus pais, Gryla e Leppaludi. Do día 12 ao 24 de decembro baixan das montañas, un cada día, e deixan aos nenos e nenas que foron bos, un pequeno regalo mentras durmen.

Stekkjastaur é o primeiro dos Yule Lads que baixa da montaña, e chega na noite anterior ao 12 de decembro. Ten as pernas ríxidas, e non as pode dobrar.



O primeiro que fai é ir á corte das ovellas a tentar beber un pouco de leite dunha ovella, pero élle moi difícil porque non pode dobrar os xeonllos, e non lle chega aos tetos.

Stekkjastaur tamén é o primeiro dos Yule Lads en marchar de novo para as montañas. Así que na noite do 25 de decembro colle os seus petates e marcha de volta á casa dos seus pais.

